



Benigno Delgado Fernández

2º Educación Primaria

Día das letras galegas 2022



FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córdomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

Deuse a coñecer como poeta co seu libro *Bebedeira*, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

En México foi un dos fundadores da revista *Vieiros*, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista e da *Hora de Galicia*, un programa de radio que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos. Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.








Florencio, á esquerda, co seu irmán Edmundo. (Ca. 1907)




Florencio Manuel Delgado Gurriarán

1. Usando as claves secretas completa o nome dos tres libros de poemas que escribiu Florencio M. Delgado.



2. Colorea unha letra si e outra non para averiguar o título do libro de poemas dedicado por Florencio á súa terra de Valdeorras.




3. Usa as palabras do recadro e completa o texto.



Florencio Manuel Delgado _____ naceu en _____ na bisbarra ourensá de _____ o 27 de _____ de 1903. Estudou _____ en _____ e no ano 1928 instalouse como _____ no Barco.

4. Que sabes de Florencio Delgado?.

				1	D						
2					E						
		3			L						
	4				G						
		5			A						
6					D						
7					O						



1. Estudos que fixo en Valladolid.
2. Nome da nai de Florencio.
3. Nome da súa muller.
4. Aldea na que naceu.
5. Barco no que marchou a México.
6. Título do seu primeiro libro de poemas.
7. País ao que marchou despois da Guerra Civil.

1. DEREITO 2. CONSUELO 3. CELIA
4. CÓRGOMO 5. IPANEMA
6. BEBEDEIRA 7. MÉXICO

5. Recorta e completa o carnet das Letras Galegas de Florencio M. Delgado Gurriarán.

Foto	<input type="text"/>
	Nome <input type="text"/>
	1º apelido <input type="text"/>
	2º apelido <input type="text"/>
	Nome dos pais <input type="text"/>
Lugar nacemento <input type="text"/>	



FLORENCIO E CONSUELO

GURRIARÁN

FLORENCIO MANUEL

DELGADO

LETRAS GALEGAS 2022


VILAMARTÍN DE VALDEORRAS



6. Completa agora ti este carnet cos teus datos. Non esquezas o teu retrato e a sinatura.

Autorretrato	COLEXIO _____
	Nome _____
Sinatura	1º apelido _____
	2º apelido _____
	Curso _____
Nome dos pais _____	
Lugar nacemento _____	

7. Imaxina que ti es o locutor do programa de radio «**A hora de Galicia**» e faslle unha entrevista a Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Inventa as preguntas para estas respostas.



a) _____ ?

-O 27 de agosto de 1903.

b) _____ ?

-Tiven cinco fillos.

c) _____ ?

-No concello de Vilamartín de Valdeorras.

8. Ordena as letras para formar o nome e o apelido do autor homenaxeado no días das Letras Galegas deste ano 2022.

COIOLFNER ▶ _____

LEUANNM ▶ _____

DOELDGA ▶ _____

9. Responde a estas preguntas cunha soa palabra e coa letra incial que se indica.

a) En que provincia galega naceu Florencio?

O _____

b) En que estación do ano naceu?



V _____


c) Como se chamaba a súa muller?

C _____

d) Que día da semana estaba en antena o programa de radio A hora de Galicia?

D _____





COUSAS DO OUTONO CANTARENAS (BEBEDEIRA)

Andan á roda no ceo
os fillos do sol e a choiva;
as árbores xogan ás chapas
cos patacóns das súas follas.

De brétemas alfaiate,
fíxolle o río roupa ao val,
coa tesoura das raiolas
anda o sol por lla rachar.

Nas amoladeiras nubes
o reuma, bo zapateiro,
afía as súas coitelas
para traballar no inverno.




alfaiate: xastre

1. Coloca as follas de maior a menor, indica a letra de cada unha e descubrirás a que xogan as árbores do poema.



2. Colorea os elementos que forman parte do noso ceo.



3. Adiviña, adiviñanza... Colorea.

Cando chove e vai sol, todas as cores téñoas eu.

O ARCO DA VELLA

O MONTE PINDO

A ILLA DE ONS


O RÍO SIL

4. Que indican estes símbolos? Colorea e localiza os seus nomes na sopa de letras.



NUBRADO

SOLLEIRO



SARABIA



NEVE



TREBOADA




CHOIVA

N	U	B	R	A	D	O	P	B	F	M
X	L	H	C	Ñ	G	M	N	E	V	E
S	D	X	S	O	L	L	E	I	R	O
L	S	A	R	A	B	I	A	P	Ñ	C
C	H	C	H	O	I	V	A	B	L	D
B	T	R	E	B	O	A	D	A	X	M

5. Fíxate no exemplo e completa colocando palabras que comecen pola letra que se indica.

I N V E R O	Invento	P R I M A V E R A	
	Noite		
	Vela		
	Esquíó		
	Reloxo		
	Nube		
	Outono		



6. Escribe sitios onde podemos atopar este tipo de auga.

AUGA DOCE

AUGA SALGADA

7. Hai unha profesión que aparece no poema. Emprega o código para descubrir cal é.

Y	1	Ψ	∇	⊙	⊖	└)
A	B	C	D	E	F	G	H
└	X	⊗	└	└	Y	∇	◇
I	L	M	N	Ñ	O	P	Q
└	⊙	⊖	└	∇	└	⊖	
R	S	T	U	V	X	Z	

⊖	Y	∇	Y	⊖	⊙	└	└	Y

Serás quen de averiguar o nome desta outra profesión?

∇	└	Y	⊖	⊙	⊙	Y	└	Y

Agora ao revés, como escribirías con signos a palabra mariñeiro?

M	A	R	I	Ñ	E	I	R	O

Chora o meu corazón
E na vila a chover;
Que estraño esmorecer
Sente o meu corazón?

Nos tellados, a choiva,
Canta un canto teimoso
Pró corazón saudoso,
Doce canto o da choiva!

Por que te queixas, di,
Corazón magoado?
Se non es traizoado...
Por que te queixas?, di.

Mais non aturo a dor
Que me causa o ignorar,
Que sen querer nin odiar
Sinta tan forte dor.



Tradución, realizada por Florencio M. Delgado Gurriarán do poema «*Pluie*», de Paul Verlaine.

1. Este texto de Florencio M. Delgado é un poema titulado «**Choiva**». Sinala as estrofas deste poema cun número e os versos que conforman cada estrofa.

ESTROFAS

VERSOS

<div style="border: 1px solid black; width: 40px; height: 40px; display: flex; align-items: center; justify-content: center; margin: 0 auto;">1</div>	{	<p>Chora o meu corazón E na vila a chover; Que estraño esmorecer Sente o meu corazón?</p>	<div style="display: flex; flex-direction: column; align-items: center;"> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;">1</div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;">1</div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;">1</div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> </div>
<div style="border: 1px solid black; width: 40px; height: 40px; display: flex; align-items: center; justify-content: center; margin: 0 auto;"></div>	{	<p>Nos tellados, a choiva, Canta un canto teimoso Pró corazón saudoso, Doce canto o da choiva!</p>	<div style="display: flex; flex-direction: column; align-items: center;"> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> </div>
<div style="border: 1px solid black; width: 40px; height: 40px; display: flex; align-items: center; justify-content: center; margin: 0 auto;"></div>	{	<p>Por que te queixas, di, Corazón magoado? Se non es traizoado... Por que te queixas?, di.</p>	<div style="display: flex; flex-direction: column; align-items: center;"> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> </div>
<div style="border: 1px solid black; width: 40px; height: 40px; display: flex; align-items: center; justify-content: center; margin: 0 auto;"></div>	{	<p>Mais non aturo a dor Que me causa o ignorar, Que sen querer nin odiar Sinta tan forte dor.</p>	<div style="display: flex; flex-direction: column; align-items: center;"> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> <div style="margin-bottom: 5px;">▶ <div style="border: 1px solid black; width: 20px; height: 20px; display: flex; align-items: center; justify-content: center;"></div></div> </div>


Agora responde:

- Cantas estrofas ten este poema? _____
- Cantos versos ten cada estrofa? _____
- Pensas que hai un parecido entre estrofas? _____
- Por que? _____

2. Neste poema indicase que na vila está a chover.

Unha lenda nun mapa do tempo é sinalar o significado dos símbolos que aparecen en dito mapa.

Agora mostramos un mapa do tempo da nosa comunidade, debuxa catro símbolos que aparecen e indica o significado de cada un.



3. Galicia é unha comunidade que posúe moitos refráns, sobre todo os relacionados co tempo, como por exemplo:

«Auga de xaneiro, cada pinga vale diñeiro»

Investiga e pregunta ti sobre outros refráns do noso refraneiro galego relacionados co tempo.



4. En Galicia hai moitas palabras para designar a choiva. Localiza nesta sopa de letras as seis palabras que aparecen no recadro.

BATEGADA CHAPARRADA CHUVIEIRA
CHUVASCADA CIFRA BALLÓN




5. Un xeroglífico é o uso de símbolos ou imaxes para representar aspectos, como por exemplo:

«Chora o meu corazón»



Inventa agora ti un xeroglífico para este verso.

«Nos tellados, a choiva, canta...»



6. No poema «A choiva» empréganse os símbolos de interrogación e de exclamación. Rodéaos cunha cera vermella e copia as frases que os levan.

Preguntas:

1) _____

2) _____

3) _____

Exclamacións:

1) _____

7. Unha das características principais dun poema é que adoita rimar. Sinala as palabras que riman en cada estrofa. Axúdate das palabras que aparecen a continuación.

Chover: _____

Teimoso: _____

Magoado: _____

Ignorar: _____

